

## **Bases do Concurso de Composición "Wind rock band en galego"**

### **Obxecto**

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense organiza un concurso para a composición dunha letra en galego que se adapte ao tema "Highway to Hell" de AC/DC. O obxectivo é fomentar a creatividade musical en lingua galega e incentivar a participación dos alumnos nun proxecto artístico e activo do centro.

### **Participantes**

Poderán participar neste concurso todos os alumnos matriculados no Conservatorio Profesional de Música de Ourense no presente curso académico.

### **Requisitos da Composición**

A letra debe ser en galego e debe adaptarse á música do tema "Highway to Hell" de AC/DC. Os participantes deberán empregar como referencia un audio do tema, ao cal poden acceder a través da ligazón de Dropbox proporcionada:

<https://www.dropbox.com/scl/fo/hoo1m4ti3hc0wr64n0alp/ANKRLL8nLhWSDRWNE6OUJKc?rlkey=who3qycy9sftyg36fh7ycqh8x&st=9a1bj3ud&dl=0>

A letra presentada terá unha temática relacionada co conservatorio, asimesmo, debe ser orixinal e non debe ter sido utilizada nin premiada en outros concursos.

### **Prazo de Presentación**

O prazo para presentar as letras comeza o 5 de novembro e finaliza o 5 de decembro. As composicións deberán ser enviadas por correo electrónico ou entregadas en man na secretaría do Conservatorio antes das 21:00 do último día do prazo.

### **Entrega**

As letras deberán ser entregadas nun documento PDF ou nunha folla de papel, identificadas co nome completo do autor/a e o curso ao que pertence. Na conserxería do centro ou a través do correo electrónico que figura na web do conservatorio.

### **Xurado**

O xurado estará composto por:

O director da "Wind Rock Band" do Conservatorio

O Coordinador de EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega)

Un representante do equipo directivo do Conservatorio

### **Criterios de Avaliación**

O xurado terá en conta os seguintes criterios para valorar as composicións:

Adaptación á estrutura e estilo do tema musical "Highway to Hell".

Creatividade e orixinalidade da letra.

Uso correcto e fluído da lingua galega.

**Premio**

O gañador terá a oportunidade de escoitar interpretada a súa letra xunto coa "Wind Rock Band" no concerto que se celebrará o vindeiro 14 de Febreiro do 2024 no Auditorio municipal.

**Aceptación das Bases**

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases. Calquera cuestión non prevista nas mesmas será resolta polo xurado.

**Observacións**

Os dereitos de reprodución da letra gañadora quedarán cedidos ao Conservatorio Profesional de Música de Ourense para os fins que considere oportunos en eventos educativos ou culturais.

¡Animádevos a participar e poñede en galego o espírito do rock!